

INSTRUCCIÓN DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/20, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA
CURSO 2019/2020**

**CENTRO: CEIP DE PETELOS- MOS
CURSO: 4º ED. PRIMARIA**

índice

- 1. LINGUA E LITERATURA CASTELLANA**
- 2. LINGUA E LITERATURA GALEGA**
- 3. EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)**
- 4. VALORES SOCIAIS E CÍVICOS**
- 5. CIENCIAS NATURAIS.**
- 6. CIENCIAS SOCIAIS**
- 7. MATEMÁTICAS**
- 8. EDUCACIÓN ARTÍSTICA MÚSICA**
- 9. ED. FÍSICA**
- 10. RELIXIÓN**
- 11. LINGUA INGLESA**

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA DE LENGUA
CASTELÁ 4º PRIMARIA**

CURSO 2019/2020

CENTRO: Ceip Petelos

CURSO: 4º de Educación Primaria

MATERIA: Lengua Castelá e Literatura

Mestra: Cristina Zarauza Creo

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

2 Avaliación e cualificación

3 Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

4. Información e publicidade

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

UNIDADE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
----------------	-----------------	------------------------------------	--------------------------------------

1			
Somos observadores			
2			
¿ A que no te lo esperabas?			
3			
Un gesto legendario			
4			
Una Navidad ecológica			
5			
Mejor de lo que imaginas			
6			
¡No te rindas!			
7			
Por si las moscas	1.1 Comprensión e expresión de mensaxes orais, percibindo os elementos verbais e non verbais da comunicación.	1.1 Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula. 1.2 Recoñecer o tema e as ideas principais de textos orais breves e sinxelos de diferente tipoloxía, 1.3 Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia. 1.4 Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais. 1.5 Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.	1.1 Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade. 1.2 Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais 1.3 Integra de xeito global os recursos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando o valor comunicativo destes. 1.4 Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.
8	1.2 Estratexias e normas para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe.		
Ni sapos ni culebras			
9			
¿Quién dijo miedo?			
10			

<p>En todas as unidades xa citadas.</p>	<p>2.1 Lectura, en voz alta e en silencio, e comprensión de diferentes tipos de textos apropiados a súa idade.</p> <p>2.2 Utilización de estratexias para a comprensión lectora.</p>	<p>2.1 Ler en voz alta e en silencio diferentes textos.</p> <p>2.2 Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal.</p> <p>2.3 Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía.</p>	<p>2.1 Le en voz alta e en silencio, sen dificultade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.</p> <p>2.2 Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual.</p> <p>2.3 Identifica as palabras clave dun texto.</p> <p>2.4 Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto.</p> <p>2.5 Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.</p> <p>2.6 Iníciase na utilización do dicionario de xeito guiado.</p>
<p>En todas as unidades xa citadas.</p>	<p>3.1 Produción de textos de diversa tipoloxía, empregando estratexias de planificación e revisión.</p> <p>3.2 Cohesión do texto e aplicación das normas ortográficas axeitadas ao nivel.</p>	<p>3.1 Aplicar, con axuda, todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura.</p> <p>3.2 Producir textos seguindo un modelo con estratexias cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.</p>	<p>3.1 Emprega, de xeito guiado e segundo modelos, estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.</p> <p>3.2 Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social,</p> <p>3.3 Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel.</p>

<p>En todas as unidades xa citadas.</p>	<p>4.1 A palabra: recoñece as distintas clases de palabras (nome, verbo, adxectivos, pronomes, determinantes) e as súas características e usos. Así como recursos derivativos para a formación de novas palabras: sufixos, prefixos e palabras compostas.</p>	<p>4.1 Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz. 4.2 Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.</p>	<p>4.1 Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar acción. 4.2 Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro. 4.3 Utiliza as normas ortográficas básicas. 4.4 Utiliza, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas.</p>
<p>Nas unidades: 2, 3, 5, 7</p>	<p>5.1 Valoración dos textos literarios como fonte de lecer e información 5.2 Lectura comentada de poemas, relatos e obras de teatro, identificando recursos literarios moi básicos.</p>	<p>5.1 Valorar os textos literarios como fonte de lecer e información.</p>	<p>5.1 Valora e recoñece de forma global, distintos textos literarios sinxelos, como fonte de lecer e de información.</p>

COMPETENCIAS CLAVE NA ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Nas áreas de Lingua castelá e literatura e Lingua galega e literatura.

CCL: nas áreas de lingua e literatura castelá e galega a competencia en comunicación lingüística está presente no desenrolo de todas as actividades pois forma parte delas intrínsecamente.

CMCCT: en lingua e literatura castelá e galega está presente esta competencia cando o alumnado interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que acompañan. E tamén na lectura e comprensión de textos sinxelos de temática científico- tecnolóxica.

CD: na área de lingua e literatura castelá e galega lectura desenvólvese a competencia dixital con actividades como a lectura de textos adaptados a idade en soportes dixitais. Uso de dicionarios dixitais. Uso, de xeito guiado, das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información.

CAA: nesta área a competencia de aprender a aprender está presente nas actividades que fomentan no alumnado que estableza conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación e nas que emprega e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz. Por exemplo cando compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. Emprega, de xeito guiado e segundo modelos, estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.

Consulta na web, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas. Elabora glosarios coas novas palabras.

CSC: nas áreas de lingua e literatura castelá e galega traballase esta competencia con actividades nas que o alumnado aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais. Coida, conserva e organiza os seus libros. Diferenza, con axuda, entre información e publicidade. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. Exprésase, por escrito, evitando unha linguaxe non sexista e non respectuosa coas diferenzas. Valora a diversidade lingüística da comunidade autónoma. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

CSIEE: nestas áreas desenvólvese a competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor naquelas actividades nas que o alumnado manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas tendo iniciativa na toma de decisións. Tales como: planificar a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información. Mostrar interés por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo. Participar activamente e con coherencia básica en diversas situacións de comunicación.

CCEC: en de lingua e literatura galega e castelá esta competencia traballase con actividades nas que o alumnado valora a literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación e como recurso de lecer personal. Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela. Participa en actividades literarias do centro.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

- **Durante o período presencial**

Realizarase unha avaliación inicial a primeiros de setembro e unha avaliación continua durante o curso

Na avaliación continua terase en conta o que segue durante o período presencial:

O traballo na aula: Concrétase na realización das actividades de clase, o profesor observará (“avaliación informal”) a súa realización, como expresan as súas ideas, as intervencións do alumno, a orde e a limpeza, a actitude e comportamento...

Probas específicas: Probas escritas ou orais ao remate de cada unidade didáctica.

O traballo en grupo: A actitude, reparto de tarefas e a actividade de cada membro nos traballos e na súa presentación en grupo.

Tarefas realizadas na casa: Complemento diario do explicado e traballado na aula.

Autoavaliación: Durante a corrección das actividades de clase e nas actividades de exposición e traballos en grupo, o alumno, tando de forma individual ou grupal valora a súa actividade e opina e valora tamén sobre o traballo desenvolvido no grupo.

- **Durante o período telemático:**

Valorarase positivamente a participación do alumnado nas tarefas e actividades propostas dende as plataformas empregadas no proceso de ensinanza- aprendizaxe publicadas dende o 13 de marzo de 2020.

- **Grao mínimo de consecución para superar a materia**

Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula.

Ler en voz alta e en silencio, sen dificultade, diferentes tipos de textos, utilizando de xeito guiado estratexias para a comprensión lectora.

Reflexionar a comprensión dos textos lidos, mediante resumos, respondendo a preguntas ou identificando as ideas principais.

Producir textos sinxelos respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel, e coidando a presentación.

Recoñecer e identificar as categorías gramaticais básicas: nome, pronomes, verbo, determinantes e adxectivos, así como utilizar con corrección os tempos verbais.

Manifestar interese e iniciativa cara o traballo na área, así coma respecto aos compañeiros/as, ao material e as normas de convivencia.

- **Procedementos de avaliación:**

Seguimento e observación sistemática do traballo do alumnado,

Informes das investigacións do alumnado.

Documentos enviados polo alumnado.

Achegas e interaccións nas plataformas educativas.

- **Intrumentos de avaliación:**

Rexistro diario das tarefas e evidencias de aprendizaxe do alumnado.

Rexistro e arquivo das distintas actividades que entrega o alumnado.

Rexistro das actividades realizadas nas plataformas educativas.

- **CUALIFICACIÓN FINAL:**

A nota da **terceira avaliación será a media dos dous primeiros trimestres e contará o 90% da nota final , as tarefas entregadas no período non presencial contarán o 10% da nota final**. Os traballos do terceiro trimestre puntuarán só positivamente.

Para o alumnado que teña suspensa a primeira, a segunda avaliación ou ambas dúas, deberá entregar unha **tarifa de recuperación** para poder superar a materia. Esta tarefa será enviada por correo electrónico ao alumno/a e publicada na páxina web do centro para facilitar así o acceso á mesma.

- **Alumnado de materia pendente:**

Criterios de avaliación:Mostrar interese por chegar algunha actividade proposta para a materia.

Criterios de cualificación:O alumno/a recuperará a avaliación ou avaliacións suspensas entregando unha tarefa de recuperación.

• **Procedementos e instrumentos de avaliación:**

Realizarase un seguimento sistemático do traballo realizado polo alumnado.

Rexístrase nun diario de clase as aportacións e as entregas realizadas polo alumnado.

3. METEODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Dende o 13 de marzo reforzáronse os contidos abordados no segundo trimestre e, tras este reforzo, comézase a avanzar en contidos novos non avaliábeis para tratar de deixar vistos os contidos esenciais de cara ao vindeiro curso escolar e procurar así o seu éxito escolar.

Dende a páxina do centro escolar publícanse as actividades de reforzo descargables na lapela correspondente ao 4ª curso de Educación Primaria.

A través desta ligazón establécense as distintas materias coas actividades e tarefas propostas, sempre atendendo á conciliación familiar, aos recursos dixitais que teñen, abordando os contidos esenciais de xeito que non saturemos nen aos alumnos nen as familias.

Do mesmo xeito, publícanse ligazóns a vídeos explicativos para o avance e reforzo dos temas a través de cuestionarios online e descargables para levar a cabo o seguimento deste proceso de ensino- aprendizaxe e ofrecer retroalimentación ao alumnado. Un exemplo de aplicación empregada é a plataforma SNAPPET, que é un método dixital con contido curricular que contén explicación, práctica de exercicios e seguimento do alumno en tempo real.

A retroalimentación faise directamente dende as aplicacións empregadas e a través do correo electrónico, no caso de facer actividades tradicionais para os alumnos que non teñen ferramentas dixitais.

A través do correo remítense todas as actividades revisadas e ofrécese axuda e consulta sobre as posibles dúbidas do alumnado e familia.

As actividades serán actualizadas semanalmente e se seguirá o horario establecido das sesións do curso académico.

Para ofrecer resposta ás familias con dificultade de conexión ofrecerase a posibilidade de entregar as actividades online ou a través de documentos impresos.

- **Actividades:**

Realizaranse actividades de reforzo dos temas traballados, farase fincapé nos contidos onde amosaron maior dificultades e irase ampliando e avanzando con novos contidos. O tratarse dunha materia troncal, incidiremos na lectura comprensiva e na escritura creativa para desenvolver as competencias básicas do alumnado.

- **Materias e recursos:**

Para a publicación das tarefas e actividades empregarase a páxina do centro e a aplicación Padlet como pizarra colaborativa.

Empregaranse plataformas educativas como Edpuzzle e Snappet ou ligazóns directas a vídeos explicativos das tarefas e contidos.

Para o seguimento da adquisición dos contidos esenciais empregaranse cuestionarios online, correo electrónico, reunións telemáticas...

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

- **Información ao alumnado e ás familias**

Como se citou en apartados anteriores manterase unha coordinación e seguimento diario co alumnado e familias a través do correo electrónico e a páxina web do centro. Tamén a través do chat en liña da Plataforma de Snappet na que temos comunicación inmediata mentres o alumno fai as tarefas.

Realizaranse reunións telemáticas para avanzar nos contidos e garantir a retroalimentación no proceso de ensino-aprendizaxe.

- **Publicidade:**

Co fin de garantir o dereito dos alumnos e das alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, a adaptación desta Programación Didáctica publicarase na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA DE LINGUA GALEGA 4º PRIMARIA

CURSO 2019/2020

CENTRO: Ceip Petelos

CURSO: 4º de Educación Primaria

MATERIA: Lingua Galega

Mestra: Cristina Zarauza Creo

*Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do
terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da
Comunidade Autónoma de Galicia.*

ÍNDICE

1 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

2 Avaliación e cualificación

3 Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

4. Información e publicidade

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAJES E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

UNIDADE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE
---------	----------	-------------------------	---------------------------

1			
Volvemos ao conto			
2			
E ti, de quen es?			
3			
Andando o tempo			
4			
Cantiga de Reis			
5			
Aprendiz de chef			
6			
Paseo fantasma	1.1 Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (con-versas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase).	1.1 Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico. 1.2 Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.	1.1 Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela. 1.2 Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente. 1.3 Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global e as informacións máis relevantes, preguntando se é necesario para verificar a súa comprensión.
7			
De punta en brando	1.2 Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: entoación, ritmo e xestualidade. Xunto coas normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabras, mantemento do tema, respecto ás opinións das demais persoas, posturas e xestos adecuados).	1.3 Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	1.4 Elabora e produce textos orais sinxelos (explicacións, breves exposicións, narracións curtas...) presentando as ideas cunha coherencia lineal elemental e responde preguntas aclaratorias elementais sobre o seu contido. 1.5 Elabora un discurso oral coherente, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.
8			
Andamos polas ramas			
9			
Un berce de poesía			
10			

<p>En todas as unidades xa citadas.</p>	<p>2.1 Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, e comprensión de textos diversos en galego adaptados á idade e aos intereses das alumnas e dos alumnos. 2.2 Iniciación ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...).</p>	<p>2.1 Ler, en silencio ou en voz alta, textos sinxelos en galego, adaptados á súa idade e aos seus intereses. 2.2 Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis). 2.3 Utilizar, de maneira xeral, estratexias para mellorar a lectura</p>	<p>2.1 Descodifica sen dificultade as palabras. 2.2 Le textos sinxelos en voz alta e en silencio, sen dificultade. 2.3 Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo). 2.4 Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo 2.5 Identifica a estrutura xeral dun texto. 2.6 Emprega o dicionario, de xeito guiado, para resolver as dúbidas de vocabulario que atopamos nos textos. 2.7 Deduce, de maneira xeral, o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións. 2.8 Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión, cando é preciso.</p>
<p>En todas as unidades xa citadas.</p>	<p>3.1 Composición de textos de diferente tipoloxía empregando a linguaxe verbal e non verbal. 3.2 Uso das estratexias de planificación, de textualización e revisión como partes do proceso escritor.</p>	<p>3.1 Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións empregando a linguaxe verbal e non verbal.</p>	<p>3.1 Elabora, en diferentes soportes, diferentes tipos de textos seguindo un guión establecido.</p>

<p>En todas as unidades xa citadas.</p>	<p>4.1 Uso e identificación intuitiva de terminoloxía moi elemental nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados, enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes e formas verbais. 4.2 Comparación entre aspectos das linguas que coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos, recoñecer as posibles interferencias e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p>	<p>4.1 Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento na mellora do uso da lingua. 4.2 Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas, para comprender e producir textos.</p>	<p>4.1 Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas. 4.2 Identifica as formas verbais. 4.3 Separa as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas. 4.4 Identifica nun texto substantivos e adxectivos. 4.5 Sinala o xénero e número de palabras dadas e é quen de cambialo. 4.6 Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras.</p>
<p>En todas as unidades xa citadas..</p>	<p>5.1 escoita, lectura, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral. 5.2 Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.</p>	<p>5.1 escoitar, ler, memorizar, reproducir e valorar textos sinxelos, procedentes da literatura galega en xeral, e da literatura galega popular en particular. 5.2 Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.</p>	<p>5.1 escoita, le, memoriza e reproduce textos sinxelos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral. 5.2 Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.</p>

COMPETENCIAS CLAVE NA ÁREA DE LINGUA GALEGA

Nas áreas de Lingua castelá e literatura e Lingua galega e literatura.

CCL: nas áreas de lingua galega a competencia en comunicación lingüística está presente no desenvolvemento de todas as actividades pois forma parte delas intrínsecamente.

CMCCT: a lingua galega está presente esta competencia cando o alumnado interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que acompañan. E tamén na lectura e comprensión de textos sinxelos de temática científico- tecnolóxica.

CD: na área de lingua galega lectura desenvólvese a competencia dixital con actividades como a lectura de textos adaptados a idade en soportes dixitais. Uso de dicionarios dixitais. Uso, de xeito guiado, das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información.

CAA: nesta área a competencia de aprender a aprender está presente nas actividades que fomentan no alumnado que estableza conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación e nas que emprega e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz. Por exemplo cando compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. Emprega, de xeito guiado e segundo modelos, estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.

Consulta na web, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas. Elabora glosarios coas novas palabras.

CSC: nas áreas de lingua galega trabállase esta competencia con actividades nas que o alumnado aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais. Coida, conserva e organiza os seus libros. Diferenza, con axuda, entre información e publicidade. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. Exprésase, por escrito, evitando unha linguaxe non sexista e non respectuosa coas diferenzas. Valora a diversidade lingüística da comunidade autónoma. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

CSIEE: nestas áreas desenvólvese a competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor naquelas actividades nas que o alumnado manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas tendo iniciativa na toma de decisións. Tales como: planificar a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información. Mostrar interés por expresarse oralmente coa pronuncia e entonación adecuada a cada acto comunicativo. Participar activamente e con coherencia básica en diversas situacións de comunicación.

CCEC: en lingua galega esta competencia trabállase con actividades nas que o alumnado valora a literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación e como recurso de lecer personal. Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela. Participa en actividades literarias do centro.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

• Durante o período presencial

Realizarase unha avaliación inicial a primeiros de setembro e unha avaliación continua durante o curso

Na avaliación continua terase en conta o que segue durante o período presencial:

O traballo na aula: Concrétase na realización das actividades de clase, o profesor observará (“avaliación informal”) a súa realización, como expresan as súas ideas, as intervencións do alumno, a orde e a limpeza, a actitude e comportamento...

Probas específicas: Probas escritas ou orais ao remate de cada unidade didáctica.

O traballo en grupo: A actitude, reparto de tarefas e a actividade de cada membro nos traballos e na súa presentación en grupo.

Tarefas realizadas na casa: Complemento diario do explicado e traballado na aula.

Autoavaliación: Durante a corrección das actividades de clase e nas actividades de exposición e traballos en grupo, o alumno, tando de forma individual ou grupal valora a súa actividade e opina e valora tamén sobre o traballo desenvolvido no grupo.

• Durante o período telemático:

Valorarase positivamente a participación do alumnado nas tarefas e actividades propostas dende as plataformas empregadas no proceso de ensinanza-aprendizaxe publicadas dende o 13 de marzo de 2020.

• Grao mínimo de consecución para superar a materia

Comprender e producir textos orais en galego amosando interese por expresarse coherentemente, cunha pronuncia e entoación axeitadas e respetando as normas que rexen a interacción oral.

Ler, en silencio ou en voz alta, textos en galego adaptados á súa idade, utilizando, de maneira xeral, estratexias para mellorar a lectura.

Comprender, buscar, localizar e seleccionar información en textos lidos.

Producir textos en galego de diferente tipoloxía aplicando, de maneira xeral a norma lingüística: ortografía, léxico e morfosintaxe.

Escoitar, ler, memorizar, reproducir e valorar textos sinxelos, procedentes da literatura galega.

- **Procedementos de avaliación:**

Seguimento e observación sistemática do traballo do alumnado,

Informes das investigacións do alumnado.

Documentos enviados polo alumnado.

Achegas e interaccións nas plataformas educativas.

- **Instrumentos:**

Rexistro diario das tarefas e evidencias de aprendizaxe do alumnado.

Rexistro e arquivo das distintas actividades que entrega o alumnado.

Rexistro das actividades realizadas nas plataformas educativas.

- **Cualificación final**

A nota da **terceira avaliación será a media dos dous primeiros trimestres e contará o 90% da nota final , as tarefas entregadas no período non presencial contarán o 10% da nota final**. Os traballos do terceiro trimestre puntuarán só positivamente.

Para o alumnado que teña suspensa a primeira, a segunda avaliación ou ámbalas dúas, deberá entregar unha **tarefa de recuperación** para poder superar a materia. Esta tarefa será enviada por correo electrónico ao alumno/a e publicada na páxina web do centro para facilitar así o acceso á mesma.

- **Alumnado de materia pendente:**

Criterios de avaliación:Mostrar interese por achegar algunha actividade proposta para a materia.

• **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

O alumno/a recuperará a avaliación ou avaliacións suspensas entregando unha tarefa de recuperación.

• **Procedementos e instrumentos de avaliación:**

Realizarase un seguimento sistemático do traballo realizado polo alumnado.

Rexístrase nun diario de clase as aportacións e as entregas realizadas polo alumnado.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Dende o 13 de marzo reforzáronse os contidos abordados no segundo trimestre e, tras este reforzo, comézase a avanzar en contidos novos non avaliados para tratar de deixar vistos os contidos esenciais de cara ao vindeiro curso escolar e procurar así o seu éxito escolar.

Dende a páxina do centro escolar publícanse as actividades de reforzo descargables na lapela correspondente ao 4ª curso de Educación Primaria.

A través desta ligazón establécense as distintas materias coas actividades e tarefas propostas, sempre atendendo á conciliación familiar, aos recursos dixitais que teñen, abordando os contidos esenciais de xeito que non saturemos nen aos alumnos nen as familias.

Do mesmo xeito, publícanse ligazóns a vídeos explicativos para o avance e reforzo dos temas a través de cuestionarios online e descargables para levar a cabo o seguimento deste proceso de ensino- aprendizaxe e ofrecer retroalimentación ao alumnado. Un exemplo de aplicación empregada é a plataforma SNAPPET, que é un método dixital con contido curricular que

contén explicación, práctica de exercicios e seguimento do alumno en tempo real.

A retroalimentación faise directamente dende as aplicacións empregadas e a través do correo electrónico, no caso de facer actividades tradicionais para os alumnos que non teñen ferramentas dixitais.

A través do correo remítense todas as actividades revisadas e ofrécese axuda e consulta sobre as posibles dúbidas do alumnado e familia.

As actividades serán actualizadas semanalmente e se seguirá o horario establecido das sesións do curso académico.

Para ofrecer resposta ás familias con dificultade de conexión ofrecerase a posibilidade de entregar as actividades online ou a través de documentos impresos.

- **Actividades:**

Realizaranse actividades de reforzo dos temas traballados, farase fincapé nos contidos onde amosaron maior dificultades e irase ampliando e avanzando con novos contidos. O tratarse dunha materia troncal, incidiremos na lectura comprensiva e na escritura creativa para desenvolver as competencias básicas do alumnado.

- **Materias e recursos:**

Para a publicación das tarefas e actividades empregárase a páxina do centro e a aplicación Padlet como pizarra colaborativa.

Empregaranse plataformas educativas como Edpuzzle e Snappet ou ligazóns directas a vídeos explicativos das tarefas e contidos.

Para o seguimento da adquisición dos contidos esenciais empregárase cuestionarios online, correo electrónico, reunións telemáticas...

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

- **Información ao alumnado e ás familias**

Como se citou en apartados anteriores manterase unha coordinación e seguimento diario co alumando e familias a través do correo electrónico e a páxina web do centro. Tamén a través do chat en liña da Plataforma de Snappet na que temos comunicación inmediata mentres o alumno fai as tarefas.

Realizaranse reunións telemáticas para avanzar nos contidos e garantir a retroalimentación no proceso de ensino-aprendizaxe.

• **Publicidade:**

Co fin de garantir o dereito dos alumnos e das alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, a adaptación desta Programación Didáctica publicarase na páxina web do centro.

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA DE
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (ÁREA DE PLÁSTICA) 4º PRIMARIA**

CURSO 2019/2020

CENTRO: Ceip Petelos

CURSO: 4º de Educación Primaria

MATERIA: Educación artística (plástica)

Mestra: Cristina Zarauza Creo

*Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do
terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da
Comunidade Autónoma de Galicia.*

ÍNDICE

1 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

2 Avaliación e cualificación

3 Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

4. Información e difusión

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> • Cores primarias e secundarias, frías e cálidas. • A arte romana: Os mosaicos. • Liñas curvas e rectas e as formas xeométricas • A perspectiva. • Uso de cores, patróns e formas xeométricas • Interese por coñecer novas técnicas plásticas que promovan o traballo creativo e autónomo. • Valoración da importancia de utilizar esquemas previos para debuxar. • Interese por coñecer novas técnicas plásticas que promovan o traballo creativo e autónomo. • A disposición de elementos nun debuxo segundo o seu tamaño. • Obtención de cores mediante a superposición e mestura doutros. 	<p>B2-6. Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do noso patrimonio artístico e cultural, adquirindo actitudes de respecto e valoración deste patrimonio.</p> <p>B1-2. Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos comprendendo de maneira crítica o seu significado e función social sendo quen de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.</p> <p>B2-1. Identificar o contorno próximo e o imaxinario, explicando cunha linguaxe plástica adecuada as súas características.</p> <p>B2-2. Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</p> <p>B2-3. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diferentes materiais e técnicas pictóricas e escollendo as máis adecuadas para a realización da obra planeada.</p> <p>B3-1. Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea ao alumnado relacionándoos cos conceptos xeométricos contemplados na área de matemáticas coa aplicación gráfica dos mesmos.</p>	<p>B2-1.1. Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o contorno próximo e o imaxinario.</p> <p>B2-2.4. Organiza o espazo das súas producións bidimensionais utilizando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción.</p> <p>B2-3.1. Utiliza as técnicas debuxísticas e/ou pictóricas máis adecuadas para as súas creacións manexando os materiais e instrumentos de maneira adecuada, coidando o material e o espazo de uso.</p> <p>B2-3.3. Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos.</p> <p>B2-6.1. Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do noso patrimonio cultural e artístico, especialmente as que foron declaradas patrimonio da humanidade.</p> <p>B3-1.13. Realiza composicións utilizando formas xeométricas básicas suxeridas polo profesor ou profesora.</p> <p>B1-2.1. Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía adecuada imaxes fixas atendendo ao tamaño, formato, elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, iluminación, función...).</p> <p>B2-2.1. Distingue e explica as características da cor, en canto á súa luminosidade, ton e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións.</p>

Competencias clave na área de Educación Artística (Plástica).

CCL: na área de Plástica desenvólvese a competencia en comunicación lingüística mediante actividades de busca de información, selección e obtención de conclusións sinxelas que comunica oralmente e/ou por escrito. Así como na aprendizaxe e identificación da terminoloxía propia da área de carácter.

CMTT: na área de Plástica relaciónase coas medidas, a numeración, e a distribución do espazo nunha produción plástica.

CD: nesta área traballase a competencia dixital en actividades nas que o alumnado identifica e sabe usar os distintos aparellos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos, e naquelas outras nas que busca información empregando as TIC

CAA: potenciando capacidades e destrezas fundamentais como a atención, a concentración e a memoria.

CSC: na área de Plástica relaciónase co traballo cooperativo para as tarefas grupais.

CSIEE: nesta área traballase a competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor naquelas actividades nas que o alumnado manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas tendo iniciativa na toma de decisións.

CECC: desenvólvese esta competencia con actividades nas que o alumnado recoñece, partindo da realidade galega, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural. Así como aquelas nas que identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico do contorno próximo.

2. Avaliación e cualificación.

Durante o período presencial

Actitude, participación interese, comportamento

Asimilación de conceptos relacionados coa plástica.

Resultados das distintas actividades e tarefas e producións artísticas.

O traballo na aula: Concrétase na realización das actividades de clase, o profesor observará (“avaliación informal”) a súa realización, como expresan as súas ideas, as intervencións do alumno, a orde e a limpeza, a actitude e comportamento...

Probas específicas: Probas escritas ou orais ao remate de cada unidade didáctica.

O traballo en grupo: A actitude, reparto de tarefas e a actividade de cada membro nos traballos e na súa presentación en grupo.

Tarefas realizadas na casa: Complemento diario do explicado e traballado na aula.

Durante o período telemático:

Valorarase positivamente a participación do alumnado nas tarefas e actividades propostas dende as plataformas empregadas no proceso de ensinanza-aprendizaxe publicadas dende o 13 de marzo de 2020, todas as creacións artísticas dos alumnos serán expostas na tableiro interactivo exposto na páxina web do centro.

Grao mínimo de consecución para superar a materia

Reproducir personaxes e cores dalgúns cadros artísticos famosos.

Realizar composicións mesturando tramas propias e outras dadas.

Asimilar conceptos de cor primarios, complementarios e círculos cromáticos, cores fríos, cálidos...

Seguir os pasos indicados nos distintos exercicios.

Utilizar a cuadrícula como sistema de reprodución de formas creando mosaicos

Disfrutar coa contemplación e análise de obras de arte.

Expresar as propias opinións e recibir as alleas sobre o traballo plástico alleo e o propio.

Ter unha boa planificación do traballo así como unha boa distribución e organización dos materiais, recollendo e traballando para un bo traballo.

Apreciar a boa técnica de traballo e de estética plástica.

Procedementos de avaliación:

Seguimento e observación sistemática do traballo do alumnado,

Informes das investigacións do alumnado.

Documentos enviados polo alumnado.

Achegas e interaccións nas plataformas educativas.

Instrumentos:

Rexistro das tarefas e evidencias de aprendizaxe do alumnado.

Rexistro e arquivo das distintas actividades que entrega o alumnado.

Cualificación final:

A nota da **terceira avaliación será a media dos dous primeiros trimestres e contará o 90% da nota final , as tarefas entregadas no período non presencial contarán o 10% da nota final**. Os traballos do terceiro trimestre puntuarán só positivamente.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Realizarase un seguimento sistemático do traballo realizado polo alumnado.

Rexístrase nun diario de clase as aportacións e as entregas realizadas polo alumnado.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Dende o 13 de marzo reforzáronse os contidos abordados no segundo trimestre e, tras este reforzo, comézase a avanzar en contidos novos non avaliados para tratar de deixar vistos os contidos esenciais de cara ao vindeiro curso escolar e procurar así o seu éxito escolar.

Dende a páxina do centro escolar publícanse as actividades de reforzo descargables na lapela correspondente ao 4ª curso de Educación Primaria.

A través desta ligazón establécense as distintas materias coas actividades e tarefas propostas, sempre atendendo á conciliación familiar, aos recursos dixitais que teñen, abordando os contidos esenciais de xeito que non saturemos nen aos alumnos nen as familias.

Do mesmo xeito, publícanse ligazóns a vídeos explicativos para o avance e reforzo dos temas a través de cuestionarios online e descargables para levar a cabo o seguimento deste proceso de ensino- aprendizaxe e ofrecer retroalimentación ao alumnado. A través do correo remítense todas as actividades revisadas e ofrécese axuda e consulta sobre as posibles dúbidas do alumnado e familia.

As actividades serán actualizadas semanalmente e se seguirá o horario establecido das sesións do curso académico.

Para ofrecer resposta ás familias con dificultade de conexión ofrecerase a posibilidade de entregar as actividades online ou a través de documentos impresos.

Actividades:

Durante o periodo de confinamento terase en conta as limitacións de material plástico e artístico dos alumnos na casa.

Materias e recursos:

Para a publicación das tarefas e actividades empregárase a páxina do centro e a aplicación Padlet como pizarra colaborativa.

Para o seguimento da adquisición dos contidos esenciais empregáranse cuestionarios online, correo electrónico, reunións telemáticas...

4. Información e difusión.**Información ao alumnado e ás familias**

Como se citou en apartados anteriores manterase unha coordinación e seguimento diario co alumnado e familias a través do correo electrónico e a páxina web do centro. Tamén a través do chat en liña da Plataforma de Snappet na que temos comunicación inmediata mentres o alumno fan as tarefas.

Realizaranse reunións telemáticas para avanzar nos contidos e garantir a retroalimentación no proceso de ensino-aprendizaxe.

Difusión:

Co fin de garantir o dereito dos alumnos e das alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, a adaptación desta Programación Didáctica publicarase na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

CURSO 2019/2020

CENTRO: Ceip Petelos

CURSO: 4º de Educación Primaria

MATERIA: Valores Sociais e Cívicos

Mestra: María Teresa Mosquera Gavilán

*Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do
terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da
Comunidade Autónoma de Galicia.*

ÍNDICE

1 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

2 Avaliación e cualificación

3 Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

4. Información e publicidade

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

UNIDADE	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
